

ANEXO XII: PROCEDIMIENTO PARA O ESTABLECIMENTO DE COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN EN PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

PRIMEIRO: Establécese un prazo entre o **1 e o 8 de setembro de 2017** para que aqueles programas de doutoramento que requiran a incorporación no seu plan de estudos de complementos de formación que constitúen materias de plans de estudo dun máster da Universidade de Vigo, soliciten ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao dita inclusión, de forma motivada e con indicación do número de alumnado por materia. Cada programa terá que presentar unha solicitude no formulario TC-47 por cada máster que oferte posibles complementos de formación.

SEGUNDO: Entre o 9 e o 12 de setembro o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao ordenará as solicitudes recibidas notificándoas aos másteres afectados.

TERCEIRO: Entre o 14 e o 22 de setembro as Comisións Académicas dos másteres poderán emitir informe sobre a posibilidade de que as materias solicitadas como complementos de formación, poidan aceptar ao alumnado proposto. No caso de que o informe sexa negativo, este deberá de motivarse.

CUARTO: A Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento valorará e aprobará, no seu caso, as solicitudes de complementos de formación realizadas polos programas de doutoramento, tendo en conta os informes achegados polas Comisións Académicas dos másteres afectados.

QUINTO: No caso de que exista vinculación entre o programa de doutoramento e o máster do que se pretenden utilizar materias como complementos de formación, todo o procedemento pode reducirse ao establecido no apartado primeiro desta resolución, incluíndo xa no formulario TC-47 o visto e prace da Comisión Académica do Máster para a utilización desas materias, no cadro específico ao efecto, en cor gris.

SEXTO: En base ao disposto pola normativa vixente, os e as estudantes que realicen materias de máster como complementos de formación dun programa de doutoramento non poderán contabilizarse como estudantes de máster, aos efectos de acadar o número mínimo de estudantes de novo ingreso marcado pola normativa autonómica.

SÉTIMO: Para calquera aclaración ou interpretación desta normativa estarase ao disposto pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, e de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén a contar dende o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.